

Riveiro Coello, finalista do premio Torrente Ballester

Dous escritores enfrontados, un editor moi peculiar, unha novela conxunta e o Couto Mixto, configuran o universo de «A quinta de Saler», última novela do novelista de Xinzo, Antón Riveiro Coello. Finalista do premio Torrente Ballester e do Xerais, o autor fala

satisfeito dunha obra a medio camiño entre a historia e a utopía persoal, e amósanos unha historia fondamente galega que destaca sobre todo pola súa orixinalidade tanto temática como estrutural nunha explícita homenaxe ás nosas letras.

«Son un escritor de vila»

A CORUÑA. MARCOS NINE.

Redacción


Perfeccionista, con certo gusto polas posturas románticas e as narracións barrocas, pode dicirse que pertence a ese grupo de autores que afastados do *mundiño* literario, crea ás veces, desde unha posición, por chamala dalgún modo, marxinal.

—¿Que opina de que a suposta calidade das obras dependa da benevolencia dos xuíces que otorgan os premios?

—Son bastante crítico cos premios, pero é unha saída que temos para publicar, é dicir, algunha xente non ten problema para publicar, pero outra si e non cabe dúbida de que os premios son unha saída. Eu nunca mandei un exemplar meu a unha editorial e esperei contestación, ó mellor por medo a que non a publicasen, non sei, pero por exemplo, ser finalista do Torrente supón que moita xente ande detrás de ti e da túa novela.

—Falando da novela, ¿Cómo nos definiría «A quinta de Saler»?

—A *quinta de Saler* é unha homenaxe á literatura galega e especialmente á literatura de Ferrín... Sentía unha especie de débeda co interior non só coa terra, senón tamén cos meus avós... Ben, eu son de Xinzo, pero me criei na Raia e esta novela ten palabras, xiros de alí. Os meus avós falábanme dunha especie de Andorra



Antón Riveiro Coello, autor de «A quinta de Saler»

do século XIX para atrás, entre Galicia e Portugal, e se cadra alí viviron os nosos devanceiros, e ben, todo eso influíume á hora de escribir a novela...

—Supoño que con esta carta de presentación, ademais da explícita cita, existe un vínculo con «Arraianos» de Ferrín.

—Si hai unha conexión con *Arraianos*. Ferrín está presente

en toda a obra, non só *Arraianos*, senón tamén a súa forma de facer prosa. Os escritores somos uns transmisores da nosa experiencia lectora e Ferrín influíu moito na miña vida, tamén infuíu Carlos Casares e outra xente, pero a prosa de Ferrín coa forza na súa palabra épica, sempre me gustou moito...

—E as súas influencias

¿céntranse máis na nova narrativa galega ou nun clasicismo anterior?

—Me gustou sempre Otero Pedrayo, penso que é a base, non como novelista, senón como traballador da palabra. Nel vese a historia da palabra galega porque soubo recoller como ninguén as expresións da aristocracia como da aldea. Vexo certo paralelismo neste con Ferrín. Eu intento buscar un punto intermedio, ben entre Blanco-Amor e Pedrayo ou entre Casares e Ferrín. Eu son un escritor máis de vila ou de aldea. En contraposición hai outro tipo de literatura burguesa ou urbana que non é mala pero que parece preparada para ser traducida ó castelán...

—¿Pensa que ese tipo de literatura urbana ou burguesa ó parecer pensada para o cine ou para a súa tradución é prexudicial para a literatura galega?

—Penso que non, o único problema é que se tende a meter toda a literatura polo simple feito de ser escrita en galego, no mesmo saco, e eso non pode ser así. Na literatura española diferénciase perfectamente o que é unha obra de Corín Tellado, unha obra de Ray Loriga, ou unha obra de Pérez Reverte...

—¿Cales son os vindeiros proxectos?

—Teño rematado un libro de poesía, creo que sairá no Nadal, en canto á miña próxima novela, non quero dar moitas pistas...